

COMUNICADO CONXUNTO SOMOSCEDEIRA E ADEGA (Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza): SALVEMOS A PRAIA DE CEDEIRA

A Plataforma Cívica SomosCedeira, xunta coa Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza (ADEGA) desexan manifestar públicamente a súa **rotunda oposición** aos plans anunciados nos medios de comunicación pola Demarcación de Costas de Galicia e o Concello de Cedeira, relativos ao propósito de volver a facer recheos de area, a sabendas que só servirá para enganar ao turista estival, pero non á veciñanza.

De novo obviase o carácter dinámico e vivo das praias, reducindo a un espazo inerte de ocio estival o que en realidade é un complexo ecosistema integrado non só coa ría senón cos humedais próximos. Ver: <http://siam.cmati.xunta.es/mapa-de-humedais>

Ademáis da fauna mariña coñecida, a praia está ateigada doutra fauna miúda que vive nos ocos da area facendo funcións ecolóxicas imprescindibles para a saúde do entorno natural. O impacto ambiental do traslado de area dos fondos da ría cara a praia ten un forte impacto ambiental negativo sobre a biodiversidade tanto onde se colle coma onde se bota.

Falamos por unha banda de fauna e flora non comercial, como por exemplo a ave limícola pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), especie ameazada para a que a Xunta fixo un plan de conservación e un borrador de decreto. É unha especie con pouca presenza en Europa e na zona cantábrica da península ibérica só se atopa en Galiza. No devantido plan inclúese a praia da Madalena dentro da distribución potencial deste paxaro, que xa se atopou en Pantín e Vilarube.

Estes argumentos convén telos en conta para decatarse que os areais non son franxas de area estéril para tomar o sol. Por este motivo cómpre urxir aos axentes e colectivos locais para solicitar a inclusión da praia da Madalena nas **zonas LIC** (Lugares de interese comunitario), pois está no medio de cantís e esteiros que xa teñen esta consideración.

Támen se verá afectada a fauna comercial, polo que o impacto negativo na economía da xente do mar que traballa na ría pode ser moi relevante.

A elaboración dun estudo de avaliación de impacto ambiental é fundamental, como tamén o é non traballar sobre un estudo xa precociñado, senón partir coas ideas abertas, considerando a situación actual e implicando a todos os axentes locais (partidos con ou sen representación actual, agrupacións, confraría, veciñanza...) e autoridades competentes (Costas, Concello, Medioambiente, e por suposto, Portos de Galiza, pois posiblemente a chave das medidas correctoras estén máis no lado de Portos que de Costas).

A chegada de area como *alivio sintomático* e só un **disfraz de verán**, que ademais de amosarse inútil nos derradeiros anos, só serve para desbaldir ao mar moreas de euros, feito que -ao ser de todos coñecido de antemán- lévanos a pensar no **quid por quo?** É dicir, ¿a quién beneficia realmente este despropósito?

SOMOS CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA (ADEGA) **SOLICITAMOS** que con carácter urxente e por parte das autoridades competentes se organice unha mesa conxunta de traballo para trazar as liñas consensuadas de cara a acadar medidas duradeiras e polo tanto máis baratas, aínda que e principio semellen máis custosas. Nesta mesa NON remunerada, ademais de entes como Portos de Galicia e Costas, deberían estar representantes do grupo de goberno do Concello de Cedeira, de cada partido da oposición, da Confraría de Pescadores local, das organizacións ecoloxistas, e veciños de Cedeira que desexen formar parte desta tarefa, adiantando xa o noso interese.

En cada acto ou acordo relevante, propoñemos convocar en aberto no **auditorio municipal** á veciñanza que o desexe, onde se exporán os avances e acordos, e onde se escoitará e terá en conta a opinión de calquer veciña/o presente, así como por correo postal, ou electrónico habilitado ao efecto, ofrecendo dende xa os nosos citados ao pé.

Pretendemos con iso chegar a **unha solución longa no tempo**, non definitiva, e que conte co **máximo apoio popular** á vez que se garanta a realización dun **estudo de avaliación de impacto ambiental** das alternativas no marco do establecido na normativa vixente, con fin de priorizar a conservación e potenciación da ría e reserva mariña de Cedeira e por susposto, do obxectivo fundamental da rexineración dunar, e con vexetación autóctona na parte alta e contrapraia, co fin último de acadar non considerala “urbana” a efectos legais, e así evitar a especulación e poder compatibilizar o disfrute estival co respecto deste chachiño de natureza que aínda nos queda e debemos preservar a toda costa.

En Twitter: @somoscedeira e @adegagz. **Emails:** ADEGA (adegatrasancos@adega.info) + SomosCedeira (somoscedeira@gmail.com)

Cedeira, Galiza, a 16 de xaneiro de 2014